

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria <p>Visto o Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. I recolle que <i>“como declarou la Organización Mundial de la Salud el pasado 11 de marzo, el brote de COVID-19 se ha convertido en la última semana en una pandemia. Inicialmente localizado en la región china de Hubei, en las últimas semanas el brote de COVID-19 se ha propagado rápidamente por todo el mundo. La crisis sanitaria se está transmitiendo a la economía y a la sociedad a una velocidad inusitada, afectando tanto a la actividad productiva como a la demanda y al bienestar de los ciudadanos”</i>.</p> <p>Visto que esta Entidade Local, como Administración máis próxima ao cidadán, non pode ser allea a todas as medidas que se están a tomar dende os gobernos central e autonómico. Máis ben ao contrario, debe de adoptar medidas activas que redunden dun modo directo, e inmediato, nos servizos prestados aos veciños.</p> <p>Por iso, e a pesares de todas as medidas que se tomaron en días pasados para impedir a propagación do COVID-19, considérase necesario continuar coa celebración normal das sesións plenarias, substituíndo a sesión presencial pola videoconferencia mentres dura o estado de alarma.</p>
Data	7 de maio de 2020
Duración	Desde as 20:32 ata as 21:32 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS



ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M ^ª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 30 DE ABRIL DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 30 de abril de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta aos asistentes se teñen algunha moción de urxencia para someter a esta sesión. Non habendo, se pasa aos seguintes punto da Orde do Día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

EXPEDIENTE 1263/2020. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2020-0404 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2019

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, para explicar o contido do Decreto do cal se da conta; a estes efectos di que por medio do Decreto da Alcaldía nº 2020-00404, de 27 de abril, aprobouse a Liquidación do Orzamento do exercicio 2019, a cal foi presentada con resultados positivos, sendo o único dato negativo o cumprimento da regra do gasto que non é excesivamente problemático, xa que cúmprese a estabilidade orzamentaria, cun remanente de 2.193.814 euros e un superávit de 292.120 euros; é dicir, uns resultados positivos, coa salvedade da regra do gasto e que se debe esencialmente ás inversión que fai o Concello e que produce un desfase entre as inversións que se fixeron (EDUSI) e a falta dos ingresos correspondentes, xa que, como todos sabemos, despois de que se acomete a obra, procede redactar a certificación e mandala ao Ministerio e este, á súa vez, a envía a Europa, polo que estamos pendentes do ingreso de case millón e medio por para dese último organismo, mentres tanto este Concello está a facer un esforzo de liquidez.

Outórgaselle a palabra ao voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, quen comeza dicindo que no debate do ano pasado sobre a Conta Xeral do 2018 o seu grupo criticaba o nivel de execución do 70% no exercicio 2019, segundo esta liquidación executouse un 78%, é dicir executáronse 2,5 millóns de euros máis en obrigas con respecto ao ano anterior, e aquí se marcan as novas, porque evidentemente neste exercicio houbo un incumprimento da regra de gasto e, aínda que o Concelleiro de Facenda lle reste importancia, considera que si a ten porque o incumprimento da regra de gasto procede dun defecto de organización e previsión deste grupo de goberno, ademais de que o 2019 foi ano electoral. A continuación procede a explicar o por que das anteriores declaracións, di que está de acordo coa motivación dada polo Sr. Blanco Carracedo, pero non deixa de haber unha falta de previsión, porque lembra que no exercicio 2018 a regra de gasto deixaba unha marxe de 1,2 millóns de euros, polos menos trescentos mil euros de menor a deste ano, polo tanto é un defecto de organización, non senso de que podían haberse tido adiantado eses investimentos ou parte deles ao ano 2018, o que deixa ver un faio de xestión. Prosigue dicindo que os investimentos reais medraron en 2,2 millóns e, ademais, o

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34NJSQD6CF6CAD792C6CCCEAFP3 | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



nivel de execución de investimentos reais neste exercicio, ao abeiro do informe de Intervención, é dun 52% fronte a execución dun 30% do ano anterior, o que deixa constancia da falta de planificación, xa que se prefería facer investimentos no ano 2019 por mor da celebración das eleccións e, como consecuencia deses investimentos, considera que son certas as acusacións que o seu grupo facía ao grupo de goberno no ano 2018 sobre que se non se facían investimentos non había que pagalos e, por iso, favorece mellores resultados económicos e cun superávit e uns remanentes, aínda que perden capacidade dende o exercicio 2018 a esta liquidación do 2019, porque os remanentes de crédito decrecen.

Continúa coa súa intervención manifestación a súa preocupación en que continúe figurando un millón e pico de euros en créditos de dubidoso cobramento, dos que tan só descontáronse cinco mil euros no exercicio 2019, polo que sería conveniente que eses datos foran depurados, tal e como indica o informe de Intervención. Por outra banda, tamén lle preocupa a carga financeira, porque na Liquidación que se presenta auméntase en cento dez mil euros a carga financeira do ano pasado, á que hai que sumarlle a nova carga que suporá o novo crédito da IDAE; polo anterior considera que hai que manter a raia eses custos financeiros

En canto ao incumprimento da regra de gasto e segundo esixe a Lei, compre presentar agora un plan de axuste que estableza cales foron os motivos polo que se incumpriu dita regra, así como unha simulación de como quedaría a situación económica do Concello senón se fixesen axustes de gasto e melloras de ingresos, o que lamenta, xa que estamos a dar información a unha entidade terceira e que será a que decida a suficiencia da mesma e que tamén nos esixirá a adopción de medidas de axuste ou de incremento de ingresos.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que calquera que escoite falar ao Concelleiro de Facenda e que non pertenza ao noso concello pensará que todo vai ben, sen embargo a realidade da Estrada é un pouco diferente, porque aínda que a Liquidación é un documento técnico onde cadran todas as cifras, hai que rascar para ver como están os servizos municipais, porque se non gastamos no que realmente é necesario para ofrecer uns servizos de calidade, obviamente as contas van cadrando.

Continúa dicindo que ata de agora utilizouse de escusa a falta de liquidación para avanzar na redacción do Orzamento deste ano, polo que lle gustaría saber se se vai a contar con este a curto prazo ou vamos a finalizar o 2020 sen aprobalo.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que, evidentemente, os anos previos aos procesos electorais e a recepción dos fondos EDUSI supuxo un cambio importante á hora de redactar o Orzamento, concretamente o proxecto da Alameda supuxo ao redor de un millón e medio de euros, e que xunto coas cantidades para a execución dos proxectos de Fernando Conde e alumado publico na zona urbana, supoñen ingresos extraorxamentarios vinculados á EDUSI e que, efectivamente, anticipábase o pagamento ata que son revisados polos organismos externos e despois farán os ingresos, o que produce un desaxuste orxamentario importante; polo que se estiveron anticipando en torno a un millón e medio de euros do Plan Concellos da Deputación e case tres millóns e medio dos fondos EDUSI, e iso reflíctese na Liquidación.

Di que, tendo en conta o anterior, as cifras do Concello son fantásticas en comparación con outros de igual categoría, con contas totalmente estabilizadas, seguemos mantendo todos os parámetros dentro do establecido polas normas estritas de Facenda, nunca tivemos que someternos a un plan económico financeiro e que acredita a nosa labor rigorosa en momentos complexos, porque non se pode esquecer que a administración local está controlada e auditada por diferentes organismos que limítanos a actuar con total liberdade e competencia e, a pesares de elo, somos un dos poucos Concellos que temos todo en orde, polo que aproveita para felicitar novamente ao departamento de Intervención polo seu esforzo para cumprir cos período medios de pagamento a provedores, cos prazos establecidos para a presentación da Liquidación do Orzamento 2019 e por manernos dentro dos parámetros de situación económica extraordinaria

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34NJSGDF6CAD792C6CCCEAFP3 | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



cun nivel baixo de endebedamento, a pesar de estar asumindo gastos extraordinarios. Continúa dicindo que o feito de ter que anticipar o diñeiro para a execución de proxectos sen haber ingresado as achegas EDUSI producen un desaxuste, esperando que durante este ano 2020 se poida compensar; mentres tanto desexa que o departamento de Intervención faga o esforzo para poñer ao día os pagamentos das facturas dentro dos prazos establecidos, a partires de aí, empezarse coa elaboración do Orzamento para este ano, o cal ten que incluír moitas modificacións ao anterior, dando grazas de que non se teña redactado, xa que despois destes últimos meses ese documento atoparíase totalmente desfasado ante a situación actual á que nos afrontamos, sendo esencial que neste novo Orzamento a administración local intente contar coas ferramentas necesarias para loita contra a crise económica e sanitaria que se aveciña, polo que espera que ao longo deste mes de maio se poida dar conta de cal será a estratexia económica financeira que se pensa seguir e poñer en práctica a través do Orzamento.

Finalmente, non habendo máis intervencións procédese a tratar o seguinte asunto:

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2020-00404, do 27 de abril, polo que se aproba a liquidación do Orzamento do exercicio 2019.
Visto o informado pola Intervención municipal con data do 24/04/2020 sobre a tramitación do expediente de liquidación do orzamento e de conformidade co establecido no art. 90.2 do R.D. 500/1990 e 174.4 da L.R.F.L.

DÁSE CONTA:

Do Decreto da Alcaldía nº 2020-0404, do 27 de abril, polo que se aproba a liquidación do orzamento municipal 2019.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2020

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e o 30 de abril de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-0340 ao número 2020-0436 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para trasladar en primeiro lugar, en relación co punto anterior de dación de conta dos decreto ditados durante o mes de abril pasado, da existencia dunha resolución pola que se acorda a merca dunha finca na Cañoteira cun valor de 12.160 euros para usos sociais e culturais, preguntando a que se vai a destinar e que uso se lle vai a dar.

Respóndelle o **Sr. Alcalde** que dita merca é o resultado dunha petición da

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34NJS6D6CF6CAD792C6CCCEAFP3 | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9

Asociación de Veciños de A Cañoteira para a futura construción dun local social co fin do desenvolvemento de actividades culturais, Asociación que lle avisou da existencia dunha leira cuxos propietarios querían vender e que se axustaba á pretensión da construción do nomeado local; ante isto o Concello entendeu que era un bo investimento ademais de ser importante o colaborar con esta Asociación para a execución dese proxecto e que leva reclamando fai moitos anos. Di que en principio adquirese o terreo e, en futuros anos, estudarás proxectarse esa edificación, previas as valoracións con ese colectivo e outros interesados no seu uso.

O **Sr. López Bueno** pregunta onde se construíría a edificación.

O **Sr. Alcalde** responde que a zona edificable que está no solo do núcleo é a parte dianteira que da á estrada, esta leira ten unha superficie aproximada de 700 m² e a parte edificable é en torno de 450 m².

Continúa o **Sr. López Bueno**, trasladando os seguintes rogos de diversos veciños:

- Os praceiros din que reclamaron diverso material sanitario (mascarillas e luvas), sen embargo a día de hoxe o Concello aínda non llo serviu, preguntando se hai a intención de facilitarlles este material, en todo caso prega que lle sexa subministrado.
- Pregunta se o vindeiro 11 de maio coa entrada da Fase I do Estado de Alarma, vanse a retomar os mercados semanais e, en caso afirmativo, se existe algunha planificación para dar cumprimento ao establecido para o seu funcionamento pola normativa estatal establecida (distancia entre postos de venda, aforo, etc.).

Ao anterior o **Sr. Alcalde** responde que se estiveron tendo reunións para ver as distintas alternativas existentes ao abeiro da normativa establecida polo goberno central en relación á recuperación dos mercados ao aire libre cunha limitación do aforo ao 25%, algo que xera moitas complicacións; a este respecto tamén se está en negociacións coa Asociación de Praceiros, tendo sobre a mesa a alternativa de permitir que nesa Fase I se recupere o mercado so coa venda de produtos de horta ou alimentación, o que suporía 35 postos dos 130 existentes e, posteriormente, nas seguintes Fases valorar a introdución dos postos de téxtil e outros. O escenario sería o vindeiro mércores (día de feira), pero antes hai que sometelo á consulta coa Asociación de Praceiros, xa que outra opción é incrementar o espazo destinado ao mercado e introducir outros postos de venda de distinto sector, pero poderían xurdir reclamacións dos outros sectores, o que é moi complicado.

O **Sr. López Bueno** aclara que non é mesmo os praceiros que os que colocando os postos na feira, polo que pide que se teña en conta esta diferenza. Continuando coa súa queda, pregunta sobre as probas de PCR que se ían a facer aos funcionarios e se hai algún positivo.

O **Sr. Alcalde** contesta que se empezaron coas probas hoxe a mañá e polo de agora non hai ningún positivo.

O **Sr. López Bueno** prega que dende o Concello se faga un esforzo para a limpeza e os desbroces no rural, cando a alerta sanitaria o permita; ademais de que sexan arranxadas varias pistas en mal estado en Rial - Guimarei, na recta que va á igrexa de Guimarei, en Cardabella, en Xerlíz a Tabeirós, viais en Santo André de Veá, en Frades, en Vinseiro, en Oca, en Loimil e outras xa coñecidas por todos; en definitiva di que é necesario atender ao noso rural.

En relación ás rutas marcadas para os paseos dos máis cativos e que agora se fan





extensibles ao resto de saídas permitidas, quere deixar constancia dunha proposta do seu grupo para a desinfección do mobiliario urbano sito nas zonas máis concorridas.

Con respecto ao servizo de recollida de lixo, traslada un aviso de que foron vistos os tres operarios deste servizo dentro do camiión sen mascarillas e xuntos, polo que prega que sexan respectadas as medidas de distanciamento social, laboral e sanitario; ante o anterior, pregunta se a estes traballadores lle foron entregados os equipos EPI ou se os reclamaron.

Responde o **Sr. Alcalde** á última cuestión con que o servizo de Recollida de Lixo está a ser prestado por unha empresa contratada e, polo tanto, os operarios son traballadores desta, polo que se poñerán en contacto con ela para trasladarlle esta cuestión, xa que era descoñecedor da mesma.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen di que, dende que se pode a saír a pasear cos nenos, a Carballeira é moi frecuentada, onde existe unha fonte de auga que carece de placa que indique se a auga é potable ou non, polo que prega que sexa colocado dito indicador.

Resposta o **Sr. Alcalde** que é descoñecedor se esa auga é potable ou non, pero encargárase un análise e avisarase ao persoal municipal para que coloque o cartel indicador segundo o resultado do nomeado análise.

A **Sra. Blanco Casais** traslada as queixas veciñais polo mal estado das vías públicas, en concreto da maleza que invade determinadas rúas e beirarrúas, entre elas a Avda Benito Vigo de cara ás Colonias, polo que sería de importancia que o Concello procedese á súa limpeza e desbroce e así os/as veciños/as poidan pasear con comodidade, ademais de que o casco urbano deixe de ter aparencia de abandono.

Prega que nos vindeiros meses se proceda ao repintando dos pasos de peóns.

Prega tamén que sexan arranxadas as pistas do rural, xa que de por si xa están en mal estado, pero as inclemencias do pasado inverno as deteriorou máis aínda, poñendo por exemplo as estradas de Barbude e Paradela.

Continúa trasladando as queixas dos veciños polo deterioro dos camiños ante os traballos feitos polos madeireiros, preguntando se dende o Concello púxose en contacto con ditos madeireiros para que procedan a arranxar os danos causados.

A esta última cuestión o **Sr. Alcalde** lle responde que existen varios informes da Policía Local en relación a traballos forestais que están a producir un deterioro importante en algúns viais municipais, por tal motivo os técnicos municipais acudiron a eses lugares para advertir ás empresas responsables, desgraciadamente todo coincidiu co Estado de Alarma, esperando que pronto isto se solucione, pero quere lembrar que nestes momentos estamos en servizos mínimos e espera que pronto podamos continuar o traballo normal, procedéndose coa execución do calendario de desbroces e do mantemento das pistas rurais.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Blanco Casais**, preguntando sobre a situación do CIM, xa que a súa traballadora está de baixa por maternidade non sabendo se a praza está cuberta, considerando que se trata dun servizo esencial sobre todo nestes momentos que estamos a vivir e, polo tanto, é necesario que estea cuberto.

O **Sr. Alcalde** lle informa que houbo problemas para a cobertura deste posto de traballo, porque cando se iniciou a súa tramitación decretouse o Estado de Alarma, sen embargo estanse a atender todos os casos que chegan a través do



departamento de Servizos Sociais, non tendo constancia de que algún caso non fora atendido, grazas ao esforzo que está a facer o persoal de Servizos Sociais.

A **Sra. Mar Blanco**, en relación á apertura do mercado ao aire libre mediante unha primeira fase de permitir só aos postos de venda de alimentación, quere transmitir a súa conformidade con esa decisión, xa que pensa que nunca houbo motivo para habelos pechado por consideralos de primeira necesidade, sempre e cando fora de xeito regulado e controlado; polo tanto espera que sexa aberto na maior brevidade posible.

Para finalizar coa súa intervención lembra o tratado recentemente na Xunta de Voceiros, trátase desa predisposición para levar a cabo canto antes unha reunión para que todos os grupos políticos municipais poidan ter unha conversa con todos os colectivos sociais aos efectos de escoitar todas as súas demandas e propostas co fin de adoptar medidas para facer fronte todos xuntos á crise social, económica e sanitaria que nos deixa o COVID-19.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para informar, en primeiro lugar, da existencia de ramallos provenientes dunha poda de árbores na pista que baixa da Rúa do Muíño á praia fluvial (ruta BTT), facéndoa intransitable, polo que procuraría limpala, sobre todo tendo en conta que é unha ruta utilizada para pasear e facer deporte.

Continúa dicindo que quizais sería posible e factible destinar os cartos dos actos culturais que non se van a realizar en beneficio das persoas que traballan e viven dos sectores culturais, xa que nestes momentos o seu traballo é practicamente nulo, sendo un dos sectores máis afectados polo que estamos a vivir e dos que máis van a sufrir a crise que se aproxima. Ao igual que o anterior, considera que os cartos destinados á organización de eventos deportivos sexan utilizados dalgún xeito para axudar a aquelas persoas que a súa profesión se encadre dentro do mundo do deporte.

Súmase a Sra. Camba aos pregos dos anteriores voceiros en relación á necesidade de arranxar e acondicionar as pistas do noso rural, en concreto nomea unha existente en Sto. André de Veá e á que xa fixo referencia en anteriores sesións plenarias e, pese a elo, continúa estando nun estado lamentable, pedindo novamente que sexa arranxada o antes posible.

Prega, así mesmo, que se arranxe a calzada da rúa 25 de Xullo, onde os pasos de peóns non son visibles, sendo un perigo.

En relación aos efectos do COVID-19, pregunta sobre se hai datos nos centros escolares sobre os nenos e nenas que carecen de internet e de equipos informáticos, xa que, nunha reunión mantida, o grupo de goberno dixo que ía a pedir dita información para evitar o fraude e poder dotar aos cativos das ferramentas precisas en materia informática e igualalos aos demais rapaces e rapazas.

En relación a esta última pregunta, o **Sr. Alcalde** responde que recibíuse un informe emitido pola Estrada Dixital e ademais informouse por parte dos centros educativos que 31 familias tiñan problemas de conectividade a internet por razóns económicas uns e por falta de capacidade das redes outros; por tales motivos púxose en contacto inmediatamente con estas familias para facer un estudo individualizado, e nos casos en que o problema se debía a problemas económicos adoptouse as medidas de solución de forma gratuíta; e nos outros casos, buscáronse solucións para darlles unha conectividade adecuada e así puideran desenvolver con normalidade as tarefas educativas; polo tanto, todos os problemas están resoltos.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** dicindo que moitos





estradenses do rural carecen de medios para coñecer as medidas impostas nestas fases da desescalada con motivo do COVID-19, polo que considera que habería que buscar medios para facilitarlles esta información, ben a través dos taboleiros de anuncios de cada parroquia ou ben a través dos respectivos alcaldes de barrio. Pide, así mesmo, que na páxina web municipal sexan publicadas todas estas medidas de xeito claro e detallado, ademais das axudas que o Concello outorga en materia de servizos sociais e outras.

Responde o **Sr. Alcalde** que se lle deu orde aos xestores da páxina web do Concello para que actualizaran toda a información. Con respecto ao rural, utilizáronse os cables de comunicación existentes nas parroquias para trasladarlles aos veciños toda a información derivada das directrices impostas polo goberno en materia do COVID-19 e que tiveran a man o paquete de medidas para resolver os problemas individuais que provocan esta situación de alarma e confinamento, crendo que esta información lles chegou de forma clara, ademais de haber resolto dende o Concello problemas veciñais existentes, xa que era moi difícil de explicar o tema das franxas horarias; sen embargo, hoxe chegou a noticia de que eliminaranse as franxas horarias para aqueles núcleos de poboación inferiores a 5000 habitantes, o que facilitará moito a convivencia e resolverá moitos problemas que esta situación causaba, xa que agora poderán os nosos veciños do rural pasear e circular sen ningunha limitación horaria, sen embargo no entorno urbano estas franxas horarias proseguen.

En relación ao tema dos paseos no entorno urbano dentro das franxas horarias permitidas, é sabedor dos colapsos que se están a producir en determinadas zonas, por iso vanse a tomar medidas para evitalos, sendo unha alternativa o establecemento de rutas alternativas, medida favorecida polo fantástico entorno rural que temos.

A **Sra. Camba Castro** di que na zona deportiva xuntábase moita xente que saía a pasear ou facer deporte, polo que a alternativa plantexada polo Alcalde lle parece unha boa medida.

Continúa propoñendo que sexa convocado o Consello Económico e Social co fin de valorar iniciativas económicas para axudar a tantas persoas e comerciantes que as van a necesitar; polo dito pide que se lle dea a este órgano o peso que merece.

Para finalizar, pregunta se dende o Concello se falou coa empresa concesionaria do servizo de Atención ao Fogar para saber se lles fixeron os test ao seu persoal e se lles están a facilitar o material de protección axeitado.

O **Sr. Alcalde** lle responde que se está en contacto coa empresa de xeito ordinario para informarnos sobre a súa situación, non constando a día de hoxe ningún tipo de incidente nin problema algún; en relación a si lle están facendo test aos seus traballadores, non é coñecedor desta información, pero vaise a informar sobre este asunto e se lle dará traslado desta información.

Nestes momentos, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, cabe preguntar ao público presente se quere facer algún rogo ou pregunta, pero ao tratarse dunha sesión telemática por videoconferencia con motivo do Estado de Alarma polo COVID-19, non é posible este tipo de intervencións, polo que o Sr. Alcalde-Presidente procede a levantar a sesión sendo as vinte e unha horas trinta e dous minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 34NJSGDF6CAD792C6CCCEAFP3 | Corrección: <https://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9